

***CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A ORGANIZACIÓN NACIONAL DE  
CEGOS ESPAÑOIS PARA O ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS Á ATENCIÓN  
DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL PARA O CURSO ESCOLAR 2021-2022***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ten previsto formalizar coa Organización Nacional de Cegos Españois, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de agosto de 2022, podendo prorrogarse de xeito expreso, mediante a sinatura da correspondente addenda por cursos escolares, por un período de ata catro anos, ao abeiro do disposto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Organización Nacional de Cegos Españois nas accións e actividades dirixidas ao o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual nos centros educativos da Comunidade autónoma de Galicia.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoiros ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

Que a Organización Nacional de Cegos Españóis é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, entre os que se encontran os de prestar atención educativa ao alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como as súas familias desde o momento da súa detección”.



Os obxectivos que persegue este convenio para o curso escolar 2021-2022 son os seguintes:

1. Establecer un marco de colaboración para a atención educativa do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos aos que asistan.
2. Promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das institucións asinantes do convenio.
3. Facilitar a conformación de equipos específicos para a atención educativa a persoas cegas ou con deficiencia visual grave, concretando os recursos achegados por cada institución.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da formación do profesorado, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

